



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA
DE NOVIEMBRE DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente :	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
(Intervención telemática)	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día trinta de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede de actas de sesións anteriores (26/10/2023)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 26/10/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos (Expediente núm. 2023/G016/000005)

Visto a necesidade de modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos motivado polo incremento acumulado nos últimos anos dos custos relacionados coa prestación do servizo que está a producir un desequilibrio entre os custos reais e os ingresos recibidos e o consecuente aumento da situación do déficit que cómpre corrixir para asegurar unha correcta prestación do servizo nos próximos anos.

Considerando que as tarifas afectadas non foron modificadas dende a súa entrada en vigor última modificación das tarifas entrou en vigor o 16.01.2011 (BOP núm. 245), propónse as seguintes modificacións:

1. Incremento das seguintes taxas:

LICENZAS URBANISTICAS	TAXA ACTUAL	TAXA PROPOSTA
1.- Certificacións catastrais	15,00 €	20,00 €
3.- Informes urbanísticos	20,00 €	30.00 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



5.- Informes de alcaldía (antigüidade, situacións, etc)	30,00 €	35,00 €
---	---------	---------

2. Eliminación das seguintes taxas:

LICENZAS URBANISTICAS	TAXA ACTUAL
2.- Denuncias urbanísticas	15,00 €
4.- Recoñecemento de firmas, fe de vida ou similar	15,00 €

3. Incorporación de novas taxas:

FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS	0,5% OBL
CELEBRACIÓN MATRIMONIOS CIVÍS	70,00 €

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, Visto o informe do 22.11.2023 que contén o estudo técnico -económico de acordo co disposto no artigo 25 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en cumprimento do esixido no artigo 24.2 da citada norma.

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G016/000005 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos de acordo coa redacción que se achega.

Segundo: Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP). por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da modificación a que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Presidencia di que é unha adaptación de tres taxas e a eliminación doutras dúas, unha que non tiña moito sentido e outra que beneficia a moitos veciños que precisaban esas fe de vida. As novidades son as taxas de formalización de contratos, que non afecta aos contratos menores e si á adxudicación da licitación propia dos contratos máis grandes.



En canto á taxa de celebración de matrimonios civís, di que non ten ningún efecto recadador. En primeiro lugar, moitos dos matrimonios que se celebran non son de xente de Vedra, e ás veces viñan con présa, o que supoñía unha carga de traballo para o persoal e nalgúns ocasións non había un concelleiro dispoñible para celebrar o matrimonio. É unha taxa establecida en todos os concellos e é mínima (70 €).

O Sr. Pose, do BNG, di que o PP ten un problema económico no concello e están buscando cartos de onde sexa, e non lle parece correcto que diga “cobrar porque todos cobran”.

Repíte que teñen unha débeda viva de 2.000.000 €, un remanente de tesourería negativo que é unha falta de liquidez que roza os 400.000 €; que non lles queren conceder un crédito, etc. Teñen un concello nunha situación preocupante e andan buscando cartos de onde sexa.

Di que o seu grupo vai votar en contra.

O Sr. González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo tamén vai votar en contra, porque o problema é o que acaba de expor o voceiro do BNG. Había outras alternativas, como abaratar custes e non habería os problemas que hai agora.

A Presidencia replica que no tema das vodas, o obxectivo non é recadar, xa que está previsto menos de 1.000 €. O voceiro do BNG ten unha opinión ao respecto, o que non quere dicir que sexa a verdadeira.

O Sr. Pose, do BNG, di que son os resultados orzamentarios do concello, feitos polo grupo de goberno. Non inventou o da débeda nin o remanente de tesourería negativo.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

3º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza fiscal núm. 26 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde (Expediente núm.2023/G015/000001)

Visto a necesidade de establecer unha ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde motivado polo incremento acumulado nos últimos anos dos custos relacionados coa prestación dos servizos indicados, que está a producir un desequilibrio entre os custos reais e a falta de ingresos recibidos e o consecuente aumento da situación do déficit que cómpre corrixir para asegurar unha correcta prestación do servizo nos próximos anos.

Considerando o anterior e en uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propónse o establecemento das seguintes taxas:

CONCEPTO	TAXA
Prestación do servizo de Dirección de Obra (DO)	2% do orzamento base de licitación
Prestación do servizo de Control de Calidade (CC)	1% do orzamento base de licitación
Prestación do servizo de Coordinación en materia de seguridade e saúde (CSS)	0,5% do orzamento base de licitación



Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

Visto o informe do 22.11.2023 que contén o estudo técnico -económico de acordo co disposto no artigo 25 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en cumprimento do esixido no artigo 24.2 da citada norma,

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G015/000001 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal nº 26 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde de acordo coa redacción que se achega.

Segundo: Someter a dita aprobación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña BOP). por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da ordenanza a que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Presidencia di que é unha ordenanza fiscal nova. Nos últimos anos, vense producindo un incremento importante nos custos relacionados con esta cuestión, fundamentalmente control de calidade e coordinación de seguridade e saúde, non sendo bo o momento económico do concello, e son porcentaxes inferiores ás establecidas noutros concellos, perfectamente asumibles polas empresas que participan nas licitacións. O que se recade nestas taxas vai repercutir positivamente nos veciños de Vedra.

O Sr. Pose, do BNG, di que con esta taxa o grupo de goberno perdeu o norte, tendo en conta que os custes de edificabilidade incrementáronse entre un 10 e un 20 % nos últimos 5 anos, tendo en conta que antes de facer unha casa hai que pagar un proxecto de 14.000 €, unha dirección facultativa de 3.000 €, unha coordinación de obra de 1.500 €; e despois de todo iso teñen que pagar no concello unha taxa que non existía.

A Presidencia remarca que isto non é para as obras que fagan os veciños, senón para as empresas que licitan os contratos do concello.

O voceiro do BNG di que o argumento é igual para as empresas, que teñen que pagar aínda máis impostos. A empresa xa paga dirección facultativa e coordinación de obra a un proxectista externo e logo pagalo de novo no concello. Dese xeito as empresas pagan unha coordinación de obra e logo volven pagala no concello.



A Presidencia recorda que esta taxa aplícase á licitación de obras que saca o concello. Cando unha empresa licita no concello unha obra pública, por exemplo no pavillón municipal, a dirección de obra lévaa o concello co seu técnico, e o control de coordinación de seguridade e saúde o concello, non paga a empresa outra diferente. Hai un coordinador externo que contrata o concello e paga o concello, por iso se establece esta taxa.

Intervén o Secretario Municipal para explicar que normalmente os controis serían dous: un externo e outro interno. O control externo, moitas veces cando son contratos pequenos vai á empresa. Non é moi ético que a empresa sexa xuíz e xurado, ou polo menos quen lle paga a quen fai ese control para esa empresa. O normal é que a administración contrate ese control e o pague.

O Sr. Pose, do BNG, di que entón o concello pon unha taxa para algo que paga el mesmo. No 99% das obras que fai o concello, quen paga o control de execución é a empresa.

O Secretario Municipal di que hai obras e obras. Están falando de obras maiores e do que se trata é que o control de calidade, que é o control externo, débeo contratar o concello e pagalo o concello. Outra cousa é que o concello o pague, e os cartos llos recade ao contratista.

O voceiro do BNG di que o seu grupo vai votar en contra.

A Presidencia resalta que esta é unha taxa que non van pagar os veciños.

O Sr. González, do PSdeG-PSOE, di que están falando de que esas taxas vainas pagar a empresa e pregunta que sucede cando a obra é feita por unha empresa de Vedra.

A Presidencia contesta que nas grandes obras nos últimos anos non participaron empresas de Vedra. Son concursos públicos nos que poden participar todas as empresas. Cando son obras menores a quen se invita é ás empresas de Vedra, e neses contratos menores non se aplica esa taxa.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo Grupo Municipal do BNG en defensa dos dereitos humanos con motivo do conflito israelí –palestino.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG de Vedra, na que facéndose eco das reivindicacións da Asociación Galiza Pro Palestina solicitan a probación por parte dos concelleiros e concelleiras da corporación da seguinte declaración:

O concello de Vedra condena o xenocidio e a limpeza étnica que os ocupantes sionistas están realizando en Palestina. As continuas violacións dos Dereitos Humanos e do Dereito Internacional, coa complicidade declarada dos Estados Unidos e os seus países e organizacións satélites como a Unión Europea, Reino Unido ou Ucraína e os medios de comunicación da “comunidade internacional”, preséntanse a opinión pública como unha resposta a Hamas (unha das organizacións máis importantes da Resistencia Nacional Palestina).

Con tal xustificación masácrase a poboación palestina bombardeando as súas casas, hospitais e escolas, forzando o desprazamento da poboación do seu territorio a zonas que os sionistas chaman, falsamente, seguras onde se lles corta toda posibilidade de subsistencia ao impedir a entrada de auga, medicamentos ou combustible e cortándolles a enerxía eléctrica. Só é unha mentira máis, a limpeza étnica de Palestina iniciouse mesmo antes da creación do “Estado de Israel”. O movemento sionista expulsou a poboación nativa das súas casas, roubou as súas



propiedades e destruíu as súas cidades, pobos e aldeas para borrar todo vestixio da súa historia e cultura.

Cun territorio minúsculo e sometido ao terrorismo de Estado dos “israelís” calquera posibilidade de creación dun Estado Palestino é unha mera ilusión, un engano que os cómplices do sionismo presentan como solución.

En defensa dos Dereitos Humanos, dos que toda persoa e todo pobo debe gozar polo simple feito de existir, o concello de Vedra esixe:

1.- O cesamento do fogo e o fin inmediato dos ataques do exército sionista contra Gaza e Cisjordania.

2.- A asistencia inmediata á poboación cercada en Gaza coa apertura das fronteiras e a entrada de axuda humanitaria, con autorización sionista ou non.

3.- O recoñecemento do Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o Xordán e o Mediterráneo, polo Estado Español e a Unión Europea.

4.- O fin da impunidad dos dirixentes de “Israel” e o seu xuízo por crimes de guerra.

5.- A ruptura de relacións diplomáticas do Estado Español co Estado sionista.

6.- A ruptura de relacións diplomáticas da Unión Europea co Estado sionista.

7.- A inmediata dimisión da presidenta da Comisión Europea, Úrsula von der Leyen, pola súa viaxe e compromiso co Estado sionista.

8.- O boicot en todos os aspectos e, moi especialmente, nos programas e compras militares españolas a “Israel” e a aplicación das medidas definidas polo BDS ata a fin da ocupación e o apartheid sionista en Palestina e o retorno dos refuxiados e refuxiadas palestinos á súa terra.

O Sr. Pose do BNG, di que a moción pertence á Asociación Galiza Pro Palestina.

Segundo un informe da ONU a situación en Gaza é a seguinte:

- 1,7 millóns de persoas (80% da poboación), son desprazados internos. Destes 927.000 atópanse refuxiados en 99 instalacións da ONU.
- Máis de 14.800 persoas foron asasinadas, incluídos 6.000 nenos e nenas e 4.000 mulleres.
- 108 traballadores e traballadoras da ONU foron asasinados polo exercito israelí.
- Producíronse 99 incidentes en 77 instalacións da ONU, 27 sufriron impactos directos e 50 sufriron danos colaterais.
- 218 persoas desprazadas que se refuxiaban en escolas da ONU foron asasinadas e 894 resultaron feridas.
- Máis de un millón de persoas desprazadas refúxianse en 156 instalacións da ONU.
- Máis do 60% dos centros de saúde están pechados e rexistráronse 59 ataques sobre a asistencia sanitaria.
- Polo menos 26 hospitais e 55 centros de saúde quedaron fóra de servizo (*entre eles o único hospital oncolóxico, do que dependen 9.000 enfermos de cancro*).
- O exercito israelí atacou 56 ambulancias e moitas outras non se poden usar debido á escaseza de combustible.
- 45.000 casas foron completamente demolidas, mentres que 233.000 foron destruídas parcialmente.
- 102 edificios gubernamentais e 266 escolas atacadas, destas 67 totalmente destruídas.
- A maioría de casas en Gaza reciben electricidade só dúas horas ao día .

SITUACIÓN EN CISJORDANIA:



- O exercito israelí matou a 222 palestinos (58 nenos), e feriron a 2.904 palestinos, (369 nenos), máis da metade en manifestacións.
- Os Colonos israelís mataron a 8 persoas (entre elas un neno), e feriron a 73 máis.
- Rexistráronse 284 ataques de colonos contra palestinos. Na metade dos incidentes, as forzas israelís acompañaban ou apoiaban activamente aos atacantes.
- 143 fogares palestinos integrados por 1.014 persoas, incluídos 388 nenos e nenas, foron desprazados polos colonos.
- 181 palestinos (93 nenos), foron desprazados tras demolicións en Xerusalén Este, outros 52 palestinos (25 nenos), foron desprazados tras demolicións punitivas.

O resultado de todo isto, segundo Antonio Guterres: Gaza é a "prisión" máis grande do mundo, é "o inferno na terra".

- Segundo a BBC: “Distintas organizacións de dereitos humanos cifran nunhas 7.000 persoas a poboación palestina presa en cárceres israelís, algunhas sen pasar por xuízo, e case todas sometidos a tribunais militares.”
- Human Rights Watch en 2021 afirmou que Israel está a perpetrar crimes de apartheid en contra dos palestinos.
- O 96% do acuífero de Gaza está contaminado, en moitos casos é o propio exército israelí quen realiza esa contaminación.
- A poboación de Gaza está formada na súa maioría por persoas expulsadas pola forza dos seus fogares e as súas terras desde 1948.
- O 38% da poboación vive en situación de pobreza
- O 54% padece inseguridade alimentaria
- O 75% é beneficiaria de axuda.
- O 35% das terras agrícolas e o 85% das súas augas de pesca son total ou parcialmente inaccesibles debido ás medidas militares israelís.
- Máis de 600.000 xudeus viven nuns 140 asentamentos ilegais en Cisjordania e Xerusalén leste.
- 593 Bloqueos e postos de control israelís que obstrúen a circulación dos palestinos en Cisjordania, destinados a protexer aos colonos israelís.
- A porcentaxe da Cisjordania palestina que a poboación ten prohibido usar é o 61 %.
- Poboación palestina no territorio palestino ocupado: 4,8 millóns (1,9 millóns en Gaza, 2,9 millóns na Cisjordania), e refuxiados rexistrados ante a ONU: 5,6 millóns (*1,4 millóns en Gaza, 858.000 na Cisjordania, 2,2 millóns en Xordania, 476.000 no Libano e 562.000 en Siria*) a decembro de 2019.
- Israel só cumpriu totalmente o 0'5% das resolucións en materia de dereitos humanos que se lle presentaron.

Segundo a web de Amnistía Internacional despois do 1967, a ocupación de Cisjordania (incluída Xerusalén Leste) e a Franxa de Gaza deu lugar a violacións sistemáticas de dereitos humanos contra a súa poboación palestina: Israel altera a vida diaria dos territorios palestinos ocupados en todos os seus aspectos. Houbo unha apropiación de terras por Israel: os asentamentos ilegais israelís. Israel demoleu decenas de miles de propiedades palestinas e forzou o desprazamento de grandes grupos de poboación para construír vivendas e infraestruturas destinadas ao asentamento ilegal da súa propia poboación nos territorios ocupados, desviando recursos naturais palestinos (auga e terras de cultivo) para uso dos asentamentos.

Existen unhas restricións de acceso a recursos naturais. Israel controla [o acceso á auga potable](#) e restrínxeo arbitrariamente. Os israelís consomen polo menos catro veces máis auga que os palestinos que viven nos territorios palestinos ocupados. A restritiva subministración de auga á poboación palestina non permite cubrir as necesidades básicas da poboación, mentres as piscinas, pradarias ben irrigadas e grandes leiras de rega dos asentamentos ilegais israelís en



territorio ocupado (verdes mesmo en plena estación seca) contrastan cos áridos pobos palestinos adxacentes, cuxos habitantes conseguen a duras penas auga suficiente para lavar, ducharse, cociñar ou beber, resultándolles imposible regar os seus cultivos.

Levan 50 anos de desalojos forzados, demolicións e traslados forzosos. Israel levou a cabo desalojos e desprazamentos forzosos de comunidades palestinas completas e demoleu decenas de miles de vivendas e estruturas, causando terribles traumas e sufrimento. Ademais, trasladaron á forza a moitos palestinos, xa sexa dentro dos territorios ocupados ou ata lugares no exilio. Estas medidas permiten a Israel manter o control das terras e os recursos palestinos, posibilitar a expansión dos asentamentos ilegais e forzar a marcha da poboación palestina de certas áreas consideradas estratéxicas, como o val do Xordán ou Xerusalén Leste.

Tamén son 50 anos de detencións arbitrarias, privación de liberdade e xuízos inxustos: Desde 1967, as autoridades israelís detiveron a centos de miles de palestinos (incluídos mulleres e menores de idade). Ademais, as autoridades israelís detiveron arbitrariamente a decenas de miles de palestinos e recluíronos sen cargos nin xuízo, entre eles hai presos de conciencia.

Non se trata de vulgar a terroristas ou non terroristas. Evidentemente o que fixo Hamas non ten xustificación, pero se cadra pode entenderse despois de 60 anos de humillación a cinco millóns de persoas. Esta é unha proposta independentemente de que haxa algunha frase que non estea totalmente acertada. Solicita o voto a favor.

O Sr. Costa, do PP, di que tal e como foi o compromiso do grupo municipal do PP, vén hoxe a pleno esta moción, presentada por urxencia no pleno anterior e que xa puido ser valorada no grupo de goberno, para concretar a posición do grupo municipal Popular de Vedra, respecto do reflectido na moción.

En primeiro lugar quere deixar claro que desde o grupo municipal do PP de Vedra condénase calquera tipo de violencia, sen paliativos, proceda esta de onde proceda. E en segundo lugar, lembrar que están e estarán sempre na defensa dos dereitos humanos de calquera cidadán, cidadá ou comunidade. Esta postura do grupo de goberno de Vedra foi a que xa formulou por parte do alcalde no debate do pleno anterior, cando se consideraba a razón da urxencia.

Pois ben, dentro deste marco e centrándonos xa na moción concreta que se presentou queremos manifestar o seguinte:

1º En ningún caso podemos dar por boa a exposición de motivos (nin sequera consideran a Hamas como organización terrorista, senón máis ben semella todo o contrario).

Frases como "terrorismo de estado de Israel" non as poden admitir. E iso non quere dicir que non deban criticar e cuestionar a reacción desproporcionada de Israel e que pensan que debe cingirse á lexislación internacional, e se non o fai, debe responder por iso. Pero esa reacción desproporcionada non fai mellor a Hamas nin xustifica o que fixo Hamas.

2º) Ninguén discute que todos están en contra da guerra e violencia.

3º) Ninguén discute a defensa dos dereitos humanos. Como lles dixo rexeitan todo tipo de violencia, veña de onde veña.

4º) Mesturan na moción conceptos sobre cuestións de dereitos humanos con outros que teñen máis que ver con posicións políticas.

5º) Nin o pobo palestino é responsable da actuación de Hamas, nin o pobo israelí das decisións dos seus dirixentes.

6º) Por outro lado, a política internacional é cuestión estatal (non de Vedra).

7º) Estas cuestións de política internacional, de xeopolítica, son temas complexos nos que moitas veces a información da que se dispón é a dos medios de comunicación, e sobre esta en particular nin o propio goberno do Estado, que vostedes apoian, ten unha voz única.

E por iso manifestando a nosa opinión sobre o tema pedimos que se sumen á declaración institucional da Deputación, onde houbo acordo de todos os partidos, sendo esa a postura do seu grupo.



Pero se o que o BNG ten é un compromiso con esa Asociación e precisan sacar adiante un acordo, propón a votación por puntos, ou ben retirar os puntos 5,6,7 e 8 que non poden aprobalos. E tamén co fin de chegar a un acordo, o punto 3 e incluso o punto 4 (aínda que sexan moi matizables) e entón absteríanse para que saia adiante cos votos do BNG.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que os catro primeiros puntos da moción son relevantes, de gran importancia tendo en conta que a paz e a seguridade é o que debe reinar, polo que toda a humanidade debe loitar e en especial os grupos políticos. Comparte en parte o que dicía o Sr. Costa, que a partir do punto 4 para diante, nin a política internacional se vai solucionar no concello de Vedra, nin consideran que rompendo relacións diplomáticas ve vai a ningunha parte.

O voceiro do BNG, din que non van modificar a moción porque non lles pertence.

O Secretario municipal quere deixar constancia que calquera acordo que se tome sobre isto é nulo. Como concello non teñen competencia para tomar acordos sobre este tipo de cuestións. De seguido, no próximo punto da orde do día, vén unha declaración institucional que si ten cabida.

A Presidencia di que se a moción se concentra nos 4 primeiros puntos e retiran os puntos do 5 ao 8 podería ter o apoio do PP e PSdeG-PSOE.

Posta a votación rexéitase con oito votos en contra do PP, tres a favor do BNG e dúas abstencións do PSdeG-PSOE.

5º.- Acordo, se procede, sobre adhesión do concello de Vedra á declaración institucional da Deputación Provincial da Coruña sobre a situación de Israel e Palestina.

Dáse conta do texto da declaración institucional da Deputación Provincial da Coruña sobre a situación de Israel e palestina, cuxo texto é o seguinte:

Ante os acontecementos que se están a vivir na franxa de Gaza, o Pleno da Corporación Provincial da Coruña:

1. Condena enerxicamente todos os ataques contra a poboación civil do Estado de Israel e do Pobo Palestino.
2. Mostra a súa solidariedade con todas as vítimas destes actos e as súas familias.
3. Solicita o cesamento inmediato da violencia indiscriminada contra a poboación civil, tanto por parte do Estado de Israel como do grupo Hamas.
4. Esixe a liberación inmediata das persoas retidas, entre as que se atopan nenos e nenas e que están a ser utilizadas como “escudos humanos” no marco deste conflito.
5. Fai un chamamento para que calquera acto se realice no marco do Dereito Internacional e sen afectar á poboación civil.
6. Insta ao Goberno de España e á Unión Europea a activar todos os mecanismos diplomáticos que estean nas súas mans para evitar unha escalada rexional do conflito e a perda de máis vidas inocentes nun firme compromiso pola paz, a seguridade e a estabilidade na rexión.
7. Insta ás partes a garantir o acceso á atención sanitaria, á axuda humanitaria e á axuda ao desenvolvemento destinada a garantir a cobertura das necesidades básicas e dereitos da poboación civil.



8. Rexeita todas as medidas unilaterais que afastan a perspectiva da solución dos dous Estados, única resposta ás lexítimas aspiracións nacionais de palestinos e israelís e elemento crave para a paz e a seguridade.

9. Convida á comunidade internacional a traballar por facer efectiva esta solución dos dous Estados conforme ao Dereito Internacional e ás resolucións de Nacións Unidas e na que se garanta unha coexistencia en paz e seguridade.

10. Apoia as declaracións do Secretario Xeral da ONU, Antonio Guterres, referentes ás claras violacións ao dereito internacional humanitario que se están perpetrando na franxa de Gaza.

11. Dar traslado da presente Declaración ao Goberno de España.

O Sr. Costa, do PP, solicita o apoio á declaración institucional da Deputación.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Informe, se procede, sobre moción do BNG sobre o cultivo de viñedos de xeito intensivo.

A Presidencia di que é un tema importante que debe ser estudado con tempo. Van votar en contra da urxencia para levalo ao pleno de decembro. A intención do PP é intentar buscar un acordo de consenso.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os comentarios sobre o Sr. Costa, di que é unha opinión que non comparte.

2º.- Respecto ás filtracións no pavillón municipal, a Presidencia di que o tellado está ben construído. O que lle din os técnicos é que ese tipo de tellados, con pranchas transparentes, cando se acumula sucidade de follas nas pestanas e grampas e hai temporal, pode ser que se filtre algunha auga. Debe facerse a limpeza do mesmo dúas veces ao ano. Xa está contratado o traballo de limpeza e a instalación dunha liña de vida nese tellado.

3º.- Sobre o aglomerado da explanada que hai en Santa Cruz diante do edificio público, di que non se aglomerou nada, simplemente se explanou ben e botouse saburra mesturada con cemento en po para evitar que as fortes choivas a levara. É unha zona con moito tráfico e de aparcamento e despois das últimas choivas mantívose perfectamente.

4º.- Respecto ao plan de sostibilidade turística e etnogastronómico di que é un PXTD dos fondos Next Generation que outorga o goberno e que tiveron a feliz idea de subvencionar aos GDR que o solicitou.

Despois o goberno deuse conta que os GDR non teñen persoal que sexa funcionario público. Hai proxectos comúns e proxectos individuais por cada concello, pero para o Estado hai que tramitalos a través dunha única secretaría – intervención nas plataformas COFFE e MINERVA. Brión ten a presidencia do GDR e Vedra a secretaría e asumiu o compromiso. Obviamente a reflexión do Sr. Pose é correcta. Unha das primeiras adxudicación que se fará, será unha empresa consultora que faga a maior parte deste traballo administrativo. Hai un último traballo



de revisión e subida de datos que ten que facer o persoal municipal. Tentarase que a carga de traballo sexa a menor posible, e ese traballo será recompensado polo propio GDR.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre se se están facendo ou se van facer cursos de informática na aula Cemit, di que si.

2º.- Respecto a se xa hai algúns cartos concedidos para a obra do centro de saúde, contesta que teñen confirmado pola Consellería de Sanidade o 50 % do custe das obras. O resto entende que ten que asumilo a Xunta. Xa faláron con Presidencia para o resto. Están pendentes de se Sanidade sobe a súa porcentaxe de financiamento ou se Presidencia asume o resto. A idea é que o financiamento sexa dun 80 ou 90 %.

3º.- Sobre as zonas que non estaban incluídas nas obras do POS que se ían asfaltar por parte do concello, di que o tempo non permitiu asfaltar. É un traballo vinculado ás condicións meteorolóxicas. Tan pronto o tempo o permita iniciaranse eses traballos.

4º.- Respecto ao número de habitantes, di que hai uns días eran 4.960.

5º.- Sobre a actualización das ordenanzas na web municipal e unha revisión dos contidos da páxina web municipal, di que toman nota.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE a Presidencia contesta:

1º.- En referencia á comisión intermunicipal que tivo lugar o 23 de outubro respecto do centro de día, comentábase na mesma que probablemente subira o presuposto fixado no anteproxecto e que se foran explorando diferentes vías de financiamento tal e como están as arcas municipais neste momento, di que toman nota.

2º.- Respecto a se nalgún momento se valorou a xestión directa por parte municipal da escola infantil municipal, di que non é factible economicamente.

8º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- En Bazar hai unha parte de veciños que lle piden que consulte porque non lle levan a acometida de auga. A empresa dilles que teñen que pagar eles o bombeo.

Non recorda como está a ordenanza municipal, pero cre que a 50 m están obrigados a conectarse. Solicita que se faga unha arqueta de bombeo para esas casas, porque noutras zonas do concello si se fixo.

2º.- Pareceulle ver asociado a unha factura de gasóleo unha matrícula dun coche que é propiedade do Sr. Vázquez. Pregunta se iso é así e cal é o percorrido dese vehículo.

3º.- Pregunta a que vías afectan as melloras de camiños en Teo e San Xián. Solicita que se non esta metida o i grego de Vedra, que se inclúa.

4º.- Pregunta canto tempo estivo fóra o Alcalde e cales foron os concelleiros que o substituíron. Non lle parece correcto e dá a sensación de que se está abandonando o concello por parte do alcalde con tanta representación institucional.



5º.- Pregunta cal é o percorrido da licenza número 3 de taxi. Por encima dos 5.000 habitantes están obrigados a ter unha licenza de taxe que teña acceso para discapacitados. Parece ser que se renunciou a esa licenza e logo se volveu a conceder. Gustaríalle saber que aconteceu.

6º.- Consultou na Deputación o tema dos PAI de dixéronlle que en principio está a obriga de devolvelo. Dixéronlle que se fixo unha comunicación aos concellos facendo a advertencia da data de inicio de pago e a data de finalización. Pregunta se chegou esa comunicación a Vedra e en que condicións.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Parece ser que se vai contratar unha persoa como monitora de tempo libre que só se poden presentar demandantes de emprego seleccionados previamente pola oficina de emprego. Pregunta por que non se pode presentar calquera persoa que reúna os requisitos aínda que non estea na selección previa.

-- Dona Begoña González, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta en que fase está o proxecto da obra que se vai levar a cabo na zona contigua á escola de San Xián, se está feito ou non e en que prazo se lle presentará á asociación de veciños para que faga as súas achegas.

2º.- En San Xián a pista que vai a Novais está en moi malas condicións; a que baixa de Quintáns ten unha tubaxe moi pequena que se atasca e a auga sae por fóra da pista. Solicita que se fagan estes arranxos.

En Laraño hai unha soa marquesiña e 17 nenos. Pregunta pola posibilidade de instalar outra máis.

A pista polideportiva de Paradela ten o peche roto e móvense os postes. Solicita o arranxo diso.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte minutos.